		LAB5.1.2	CAA/CCEC/CSC	Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período correspondente	70%	CL,EOE	P.e.,T.in	
B5.2	B5.2	LAB5.2.1.	CSIEE/CSC/CCL	Describe os trazos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	50%	CL,EOE, TIC	P.e.,T.g.	
B5.5	B5.5.	LAB5.5.1.	CAA/CCEC/CD	Cofece os mitos e heroes latinos , e establece semellanzas e diferenzas entre os heroes antigos e os actuais.	70%	CL,EOE	P.e.,Cad	
B6.1	B6.1	LAB6.1.1	CCL/CAA	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	70%	CL,EOE	P.e.,P.o.	
B6.2	B6.2	LAB6.2.1	CCL/CAA	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global.	75%	CL,EOE	T.in.	
B6.3	B6.3	LAB6.3.1	CCL/CAA	Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	90%	CL,EOE	P.e.,Cad	
B6.5	B6.5	LAB6.5.1.	CCL	Redacta pequenos textos en latín co vocabulario estudado na clase.	40%	CL,EOE	P.e., Cad.	
B7.1	B7.1	LAB7.1.1	CAA/CCL	Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	60%	CL,EOE	P.e.,P.o.	
B7.4	B7.4	LAB7.4.1.	CD/CSC/CCEC/CCL	Cofece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua	80%	CL,EOE	P.e., P.o.	
B1.6	B1.6	LAB1.6.1.	CCL/CCA	Realiza evolucións de termos latinos ao galego/ castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	75%	CL,EOE	P.e,Cad.	

7	B3.1	B3.1	LAB3.1.1.	CMCCT/CCL	Descompón palabras nos seus distintos formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	80%	CL,EOE	P.e.,P.o. Obs.
	B3.4	B3.4	LAB3.4.1.	CD/CCL	Enuncia correctamente pronomes persoais, demostrativos e posesivos en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	80%	CL,EOE	P.e.,P.o.
			LAB3.4.2.	CCL/CAA	Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	70%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B3.5	B3.5	LAB3.5.2	CCL/CAA	Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e e recoñece a partir deles o modelo de conxugación.	80%	CL,EOE	P.e.,T.in .,Cad.
	B3.6	B3.6	LAB3.6.1.	CAA/CCL	Identifica as principais formas do tema de perfecto da voz pasiva.	70%	CL,EOE	P.e., T.in.,Ca.
	B3.6	B3.6	LAB3.6.4.	CCL	Traduce ao galego e castelán diferentes formas verbales latinas.	60%	CL,EOE	P.e,P.o.
	B5.1	B5.1	LAB5.1.1	CSC/CSIEE/CD	. Distingue as etapas da historia de Roma e explica as circunstancias que interveñen no paso dunha etapa a outra	75%	CL,EOE, TIC	P.e.,T.g. Cad.
	B5.2	B5.2	LAB5.2.1.	CSIEE/CSC/CCL	Describe os trazos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	50%	CL,EOE	P.e.,P.o. Obs.
	B5.5	B5.5.	LAB5.5.1	CAA/CCEC/CD	Coñece os mitos e heroes latinos , e establece semellanzas e diferenzas entre os heroes antigos e os actuais.	70%	CL,EOE	P.o.
	B6.1	B6.1	LAB6.1.1	CCL/CAA	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	50%	CL,EOE	P.e.,Cad .
B6.2	B6.2	LAB6.2.1	CCL/CAA	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global.	75%	CL,EOE	P.o.,Cad Obs.	

	B6.3	B6.3	LAB6.3.1	CCL/CAA	Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	80%	CL,EOE	T.in.
	B6.4	B6.4	LAB6.4.2	CMCCT/CD/CCL	Elabora a estrutura dos textos ,localizando o tema principal e distinguindo as súas partes	50%	CL,EOE TIC	P.e.,T.in
	B7.3	B7.3	LAB7.3.1.	CCL	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica o seu significado.	60%	CL,EOE	P.e.,T.in T.gr.
	B7.4	B7.4	LAB7.4.1.	CD/CSC/CCEC/CL	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua	80%	CL,EOE	P.e.,P.e.

3ª AVALIACIÓN

UD	Id.con t.	Id.crit.	Id.estándar.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe avaliados e indicadores de logro	Grao Cons.	Temas Transv.	Aval. Probas
	B1.1.	B1.1.	LAB.1.6.1	CMCCT/CCEC CAA/CD/CSC	Realiza evolucións de termos latinos ao galego/ castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	75%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B3.4	B3.4	LAB3.4.1	CD/CCL	Enuncia correctamente pronomes persoais, demostrativos e posesivos en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	80%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B3.4	B3.4	LAB3.4.2.	CCL/CAA	Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente	90%	CL,EOE	P.e.,Cad

8	B3.5	B3.5	LAB3.5.2	CCL/CAA	Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e e recoñece a partir deles o modelo de conxugación.	70%	CL,EOE	P.e.,Tin. Cad.
	B3.6	B3.6	LAB3.6.1.	CAA/CCL	Identifica as principais formas do tema de perfecto da voz pasiva.	70%	CL,EOE	P.e.,T.in .Cad.
	B3.6	B3.6	LAB3.6.2.	CD/CCL	Cambia de voz as formas dos tempos verbais estudados.	50%	CL,EOE	P.e., Cad T.in
	B3.6	B3.6	LAB3.6.4.	CCL	Traduce ao galego e castelán diferentes formas verbales latinas.	60%	CL,EOE	P.e.,Cad
	B5.5.	B5.5	LAB5.5.1	CAA/CCEC/CD	Coñece os mitos e heroes latinos , e establece semellanzas e diferenzas entre os heroes antigos e os actuais.	70%	CL,EOE	P.o.
	B5.6	B5.6	LAB5.6.1.	CD/CCEC/CSC/CL/CMCCT/CSIE	Distingue e describe as crenzas relixiosas no ámbito privado, contrastándoas cos da actualidade.	80%	CL,EOE	P.o.
	B6.1	B6.1	LAB6.1.1	CCL/CAA	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	70%	CL,EOE	P.e., Cad
	B6.2	B6.2	LAB6.2.1	CCL/CAA	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global.	60%	CL,EOE	P.o.,Cad
	B6.3	B6.3	LAB6.3.1	CCL/CAA	Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	90%	CL,EOE	T.in.,Ob.
	B7.3	B7.3	LAB7.3.1.	CCL	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica o seu significado.	60%	CL,EOE	P.o.,T.g.
9	B1.1.	B1.1.	LAB1.6.1	CMCCT/CCEC CAA/CD/CSC	Realiza evolucións de termos latinos ao galego/ castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	75%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B3.2	B.3.2	LAB3.2.1	CAA/CCL	Distingue as conxuncións e explica os criterios para clasificalas.	70%	CL,EOE	P.o.

	B3.4	B3.4	LAB3.4.1	CD/CCL	Enuncia correctamente pronomes persoais, demostrativos e posesivos en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	80%	CL,EOE	P.e.
	B3.6	B3.6	LAB3.6.1.	CAA/CCL	Identifica as principais formas do tema de perfecto da voz pasiva.	70%	CL,EOE	
	B.4.5	B4.5	LAB4.5.1.	CAA/CMCCT/CCL	Clasifica os tipos de oración composta e diferéncias das oracións simples.	90%	CL,EOE	P.e., T.in.
	B5.6	B5.6	LAB5.6.1.	CD/CCEC/CSC/CL/CMCCT/CSIE	Distingue e describe os modos de vida en Roma, analizando a familia , alimentación,educación, vestimenta, coidado persoal...	80%	CL,EOE	P.o.
	B7.3	B7.3	LAB7.3.1.	CCL	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica o seu significado.	60%	CL,EOE	P.e., T.g.
	B7.4	B7.4	LAB7.4.1.	CD/CSC/CCEC/CL	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua	80%	CL,EOE	P.e.,P.o.
10	B4.5	B4.5	LAB4.5.1.	AA/CMCCT/CCL	Clasifica os tipos de oración composta e diferéncias das oracións simples.	90%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B4.6	B4.6	LAB4.6.1.	CCL	Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos , as construcións de infinitivo e participio; analizaas e tradúceas axeitadamente.	75%	CL,EOE	P.e.,P.o.
	B5.5.	B5.5.	LAB5.5.1.	CAA/CCEC/CD	Recoñece os mitos latinos e sinala as semellanzas e diferenzas entre os mitos antigos e os actuais.	70%	CL,EOE	P.o.
	B5.7	B5.7	LAB5.7.1.	CSC/CSIEE/CCL/CMCCT/CCEC	Describe a características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro; sitúa nun mapa os anfiteatros, circos e teatros máis importantes.	90%	CL,EOE, TIC,EC	P.e., T.in, T.g.
	B6.1	B6.1	LAB6.1.1	CCL/CAA	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	80%	CL,EOE	P.e., Cad.
	B6.2	B6.2	LAB6.2.1	CCL/CAA	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global.	75%	CL,EOE	P.o., Cad.
	B6.3	B6.3	LAB6.3.1	CCL/CAA	Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	90%	CL,EOE	T.in., Obs.

	B7.1	B7.1	LAB7.1.1	CAA/CCL	Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos ,traducíndoos á propia lingua.	60%	CL,EOE	P.o.,P.e., T.in.
	P.e., T. inB7.4	B7.4	LAB7.4.1.	CD/CSC/CCEC/CL	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua	80%	CL,EOE	P.e.,P.o.

5. Metodoloxía

O estudo da materia debe de estar orientada ao desenvolvemento das seguintes competencias:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT)
- Competencia dixital(CD)
- Aprender a aprender(CAA)
- Competencias sociais e cívicas(CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais(CCEC)

A metodoloxía a seguir basearase en dous principios:

1. A partir do tratamento de cada contido do presente que o alumno/ a coñece , dende aí, voltarase ao pasado para explicar os elementos socioculturais e lingüísticos do presente ; consideramos que o obxectivo básico desta materia e a análise dos elementos do pasado romano que seguen vivos na actualidade.
2. Estudar os aspectos lingüísticos e socioculturais conxuntamente ao léxico básico, latinismos , as palabras empregadas nos distintos exercicios etimolóxicos e de deducción de elementos morfolóxicos e sintácticos estará, na medida do posible relacionado co tema socio-cultural que apareza na unidade; o mesmo sucederá coas frases e textos traducidos á lingua moderna empregados para facer comentario da súa estrutura e contido.

A liña de traballo na aula será a seguinte:

1. Comezar cada unidade con actividades de motivación e exploración dos coñecementos previos do alumnado.
2. O alumnado deducirá os diferentes elementos morfolóxicos e sintácticos de palabras, frases sinxelas ou textos breves coa axuda do profesor. Así mesmo, establecerá as relación oportunas, inferindo semellanzas e diferencias co castelán , galego, francés... e outras linguas que o alumno coñeza.
3. O alumno inferirá o significado de latinismos usados nas nosas linguas coa axuda dun vocabulario básico e o coñecemento das normas de transcripción ás nosas linguas de termos latinos.
4. O léxico empregado en cada unidade para os exercicios morfolóxicos, sintácticos, etimolóxicos etc...estará sempre que sexa posible, relacionado co aspecto socio-cultural que contén cada unidade. Unha frase latina traducida á lingua moderna pode, igualmente, servir como base de comentario e introducción para ese aspecto sobre o que os alumnos traballarán

individualmente ou en grupo, usando fontes de información que o profesor lles indicase. Este traballo será presentado por escrito ou lido na clase.

5. Rematarase cada unidade con exercicios que evalúen o nivel de aprendizaxe dos diferentes contidos, así como a adecuación dos contidos cos obxectivos, o nivel de coñecementos do alumno e a metodoloxía seguida.
6. Promoverase a utilización das TIC, para informarse, aprender a comunicarse e para utilizar materiais de procedencia diversa con sentido formativo pero tamén con sentido crítico.

6. Avaliación

6.1. Avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso académico realizarase a proba de avaliación inicial. Servirá para determinar o nivel de coñecementos, habilidades e competencias do alumnado. Consistirá nos elementos seguintes:

1. Test individualizado destinado a coñecer o nivel competencial do alumnado.
2. Preguntas sobre cultura clásica (historia de Roma, sociedade romana, mitoloxía...)
3. Cuestións sobre formantes gregos e latinos, latinismos, cultismos... que poden extraer a partir dun texto ou no seu comentario.

Tomando como punto de partida os resultados obtidos pódense saber os coñecementos previos do alumnado así como as súas dificultades.

6.2 Avaliación continua

Faranse como mínimo dúas probas por avaliación. A temporalización dependerá do grado de comprensión e dificultade. A cada alumno encomendaráselle un traballo sobre algún aspecto da mitoloxía e da Hispania romana que terá carácter obrigatorio.

A calificación da avaliación será o resultado dos seguintes elementos:

1. Traballo e participación do alumno na aula.
2. Actividades realizadas individualmente no cuaderno adicado á asignatura: presentación, realización de actividades, etc.
3. Traballo realizado individualmente ou en grupo fóra da aula: capacidade de traballo en grupo; utilización das distintas fontes de información e presentación do traballo.
4. Exercicios escritos ou orales na aula sobre os diferentes contidos de cada unidade didáctica.
5. Actitude ante os compañeiros , profesor e materia.

Para obtención dunha calificación numérica de 5, será preciso que o alumno obteña calificación positiva (expresada numericamente como 5) segundo todos os criterios.

A observación do traballo na aula será valorado pola atención e participación activas , o mantemento do caderno de clase con apuntamentos de clase e exercicios resoltos así como a iniciativa para a realización de traballos individuais de ampliación e mellora do aprendido.

Os porcentaxes serán os seguintes:

-Exames 70%

-Tarefas realizadas , traballo individual e grupal , esforzó e interese 30%

No caso de que as probas realizadas non fosen superadas poderán recuperarse coa realización e entrega de exercicios individuais, axeitados ao grao de habilidades e coñecemento do alumno/ a .

Se o resultado obtido na avaliación é negativo a recuperación conseguirase polo método da avaliación continua, é dicir, superando a avaliación posterior nos contidos que se inclúen en todos os bloques a non ser o bloque 5(Roma: historia, cultura e civilización) ; neste bloque o alumno/ a deberá facer traballos sobre os contidos obxecto de estudo.

Se o alumno/a , tendo superado as dúas primeiras avaliacións suspende a terceira avaliación terá opción a realizar unha proba global escrita con contidos mínimos que servirá de exame de recuperación e onde se valorará a teoría con 4 puntos e a práctica con 6 puntos.

6.3. Avaliación final

O alumnado que non supere a terceira avaliación irá á avaliación final. A proba será escrita e teranse en conta os estándares non superados no seu momento ; presentará as mesmas características que as realizadas durante o curso.

6.4 Avaliación extraordinaria

Se o alumno/a ten que ir á recuperación de xuño o exame será global e consistirá nunha proba de tipo escrito que se axustará aos contidos mínimos esixibles .

7. Procedemento de avaliación e recuperación de pendentes

A materia de Latín impártese en 4ºESO e ningún alumno a cursou antes, polo tanto , ninguén ten a materia pendente.

8. Atención á diversidade

Medidas ordinarias

-Organizativas : a materia conta con 3 horas semanais. Será impartida na súa aula de referencia. Non prevemos a necesidade de ningún reforzo ou apoio fóra da aula.

-Curriculares : Non se ve necesario ningún cambio nos instrumentos de avaliación, se ben noutros cursos de 2º e 1º existen programas de Reforzo nas áreas instrumentais neste curso non se dá o caso.

Medidas extraordinarias

-Organizativas : Ningún alumno recibe apoio de especialistas.

-Curriculares : Non hai ningún alumno con necesidade de adaptacións.

9.Materiais e recursos educativos

O Departamento decidiu prescindir dun libro de texto concreto e seleccionar os materiais de diversas editoriais , internet... que se consideren os máis axeitados. O alumnado disporá de fotocopias dos contidos de cada unidade didáctica, actividades e selección de textos e autores clásicos e contemporáneos elaborados polo profesorado, que lles servirán de apoio.

Utilizaranse tamén outros materiais como :

- Dicionarios:
 - Dicionario latín-español y griego-español VOX.
 - Recursos Web
- proyecto Palladium.<http://alerce.pntic.mec.es/~rmarti41/index1.html>.

- www.luduslitterarius.net/ Presentaciones interactivas e exercicios sobre arquitectura, historia de Roma, localización xeografías de Grecia e Roma, alfabetos.
- <http://chironwiki.wikispaces.com>
- <http://clasicas.usal.es/Recursos.html>
- www.santiagoapostol.net/griego/cultura_clasica.html ..
- www.educared.net. Recursos variados
- www.artehistoria.com

- Material Audiovisual: Películas ou DVD
 - ✓ La construcción de un Imperio: Grecia
 - ✓ Esparta: Código de Honor – Mareas de Guerra
 - ✓ Alejandro Magno: Mito y realidad
 - ✓ *Alejandro Magno*
 - ✓ *300*
 - ✓ *Ágora*
 - ✓ *Troya*
 - ✓ *Gladiator*
 - ✓ *Furia de titanes....*

10. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Avaliación do proceso de ensino	Escala			
Proceso de ensino	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente	1	2	3	4
1.- Como norma xeral faranse explicacións xerais para todo o alumnado.				X
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				x
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?			x	
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?			X	
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?			X	
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?			X	
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?		X		
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?			X	
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?			X	
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				X
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				X

11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

11. Avaliación da programación didáctica

Ao longo do curso farase un seguimento e valoración dos obxectivos, contidos e criterios de de avaliación mediante os seguintes procedementos:

- Observación da adecuación dos contidos ás necesidades do alumnado e reorientación dos mesmos en caso necesario.
- Diálogo constante cos alumnos sobre a marcha do curso, a metodoloxía e as dificultades máis salientables.
- Avaliación do nivel de consecución de obxectivos e contados ao final de cada trimestre, así como introducción de reforzo se fose necesario.
- Valoración do índice de aprobados e suspensos e do grado de optimización de recursos.
- Avaliación, valoración e análise ao final de curso.

Cos elementos anteditos, ao comezo de cada curso o/a responsable da programación didáctica pode ter información suficiente para modificar, ou non, a programación docente en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Estudarase revisar aqueles aspectos da mesma que non poidan cumprirse por algún motivo e tratará de analizarse contextualmente a posibilidade de cumprilos

en cursos próximos, diferenciando os incumprimentos accidentais (solucionables) doutros que poidan esixir a revisión da programación.

Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
1. Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				X
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			X	
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				X
8.- Asígnase a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				X
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			X	
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				X
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				X
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				

14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?		X		
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?			x	
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				X
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				x
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				x
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				x
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?			x	
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?	x			

** Só se marcan os indicadores que poden observarse nas primeiras semanas do curso.

12. Actividades complementarias e extraescolares

Debido ao contexto do COVID non se poderán realizar ningunha das actividades previstas.

13. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

13.1. Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

O alumnado terá información na aula virtual(na que xa se creou un curso específico para cada grupo) da marcha das clases (actividades , traballos , exames etc..) e poderá manter contacto co profesor a través do correo electrónico ou na aula virtual. No foro de novas poderá tamén expor as súas dúbidas sobre a materia.

Subiranse de xeito periódico arquivos con apuntamentos, recursos ou actividades que se enviarán a través da aula ou por correo electrónico, se fora necesario (esperamos que non se presenten problemas de conexión) . Na aula estará operativo un foro para facilitar a comunicación co alumnado , que estará ao corrente das tarefas que se vaian realizando nas clases.

O alumnado enviará as tarefas para a súa corrección por parte do profesor.

13.2. Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

Existe un curso específico para a materia de Latín na aula virtual do centro, á que se subirán de xeito periódico arquivos con apuntes, recursos ou actividades que se enviarán a través da aula ou por correo electrónico . Na aula estará operativo un foro de novas, dúbidas... para facilitar a comunicación co alumnado.

Durante o estado de alarma, aínda que ao alumnado con problemas de conexión se lle facilitaron ordenadores e datos, non todos dispoñían da velocidade necesaria ou conectividade , de xeito que o móbil se convertía no medio para o envío das actividades.

As **actividades** ou traballos que se lles envíen aos alumnos serán corrixidos e faráselles saber o resultado do seu traballo por diversos medios.

O profesorado anotará a data da entrega dos exercicios e o grado de consecución da aprendizaxe ou a competencia que se pretende que o alumno traballe. Posteriormente á data da entrega ,presentaranse as solucións aos exercicios. A través do correo ou de videoconferencia(que se utilizará para impartir algunhas clases) establecerase a comunicación persoal co alumnado.

Os **materiais** empregados serán :

- caderno da clase

- vídeos e audios dispoñibles en internet
- páxinas web con actividades interactivas (con / sen solucións)

13.3. Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Procedementos

- ✓ .Observación e seguimento do alumnado a través da súa participación on line , por correo electrónico, móvil...
- ✓ Realización de actividades diversas (comprensión, ortografía , redacción, análise oracional...) das unidades de libro de texto ou de fichas propostas.
- ✓ Traballos de investigación, esquemas ou resumos dos contidos máis importantes de cada unidade.

Presentaranse distintos tipos de exercicios de xeito individual e poderán proporse videoconferencias, individuais ou grupais, tendo en conta o nivel de aproveitamento do alumnado; a través das mesmas poderemos ver as súas dificultades .

Os traballos , actividades ... serán enviados ao profesor para ser corrixidos ou sinalados os erros , para que os corrixan eles mesmos ; máis tarde colgarase na páxina o solucionario das actividades propostas.

Instrumentos

- ✓ O conxunto das actividades incluídas na aula virtual e realizadas durante ese periodo., que serán moi variados: exercicios do libro de texto , lectura de textos literarios e comentarios dos mesmos , actividades de semántica , morfoloxía e sintaxe , análise de artigos peridísticos e mensaxes publicitarias , lectura de obras literarias , realización de exames sobre os temas

dados, con preguntas de redacción, resposta múltiple... , a autonomía do alumno á hora de entender o que se lle pide nas tarefas , o envío de mensaxes coa forma correcta, exercicios de creación persoal (resumos, textos de diferentes tipos...)

- ✓ Exames por videochamada, se non fose posible a súa realización de xeito presencial.
- ✓ As anotacións dos cadernos de aula, previas ao inicio do ensino non presencial .

Avaliación

A cualificación desenvolverase do seguinte xeito :

- As probas orais e escritas suporán un 50% da nota
- Tarefas entregadas , en tempo e forma adecuada (corrección ortográfica, orde, boa presentación...) serán valoradas cun 40 % da nota
- As lecturas e o interese amosado na realización das actividades será un 20 %

Cospeito , 14 de setembro de 2021